



Concello de Cangas

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2018/10	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	5 de marzo de 2018
Duración	Desde as 20:03 ata as 20:30 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXEla VIZOSO MARCOS	NON

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 26 de febreiro de 2018

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 26 de febreiro de 2018, coas seguintes correccións relativas a expedientes de obras:

1.- Proceder á rectificación do acordo favorable adoptado con referencia ao expediente de obras nº 3344/2017/expediente nº 473/2018; polo que quedaría o acordo adoptado da seguinte maneira: non hai acordo por falta de tempo.

2.- Proceder á rectificación do acordo deixado sobre a mesa adoptado con referencia ao expediente de obras nº 7344/2017; polo que quedaría o acordo adoptado favorable e coa seguinte redacción:

EXPEDIENTE Nº 7344/2017.- Outorgar a S. P. D. e A. F. B., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Urgal, nº 78B-Baiona, conceder, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra, para en solo regulado pola ordenanza 9, construír unha vivenda unifamiliar de 145,15 m2., de planta baixa, sita na Retirosa-Cangas, de conformidade co proxecto básico e de execución elaborado pola arquitecta L. R. S. visado o 16.10.2017. A licenza outorgarase condicionada a que formalizar perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación. O presuposto de execución material ascende a cento once mil setecentos vinte euros (111.720,00 €)".

Expediente 1119/2018. Solicitud de instalación de espello

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por J. H. G., na que demanda a instalación de espello para mellorar a visibilidade no lugar do cruce da subida de Vilariño ao Hío.

A Xunta de Goberno Local acorda poñer en coñecemento do solicitante o seguinte informe de data 01.03.2018 emitido pola Policía Local, que é como segue:

"A Xefatura da Policía Local de Cangas con relación a solicitude de J. H. G., informa que existe visibilidade suficiente.

Malia isto se se quere reforzar a visibilidade terá que solicitar o espello perante a Deputación, por tratarse da PO-1005 e ser da súa competencia".

Concello de Cangas



Concello de Cangas

Expediente 6768/2017. Licenza urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE N° 6768/2017.- Outorgar licenza de obras a CULTIVOS MARINOS VILANOVA SL, con enderezo a efectos de notificacións en Vilanova, s/n-O Hío, para instalación solar fotovoltaica en cuberta de nave, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente e os informes favorables do POL de data 12 de xuño de 2015, do Servizo de urbanismo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data 19 de outubro de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a sesenta e cinco mil seiscentos vinte euros con oitenta céntimos (65.620,80 €).</p>	

Expediente 7277/2017. Licenza urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE 7277/2017.- A F. D. M. e R. T. M, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Navia, nº 60-Villaviciosa de Odón-Madrid.</p> <p>PRIMEIRO.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas en Galicia con base no informe favorable da arquitecta da oficina de rehabilitación M. I. M. F., de data 16 de febreiro de 2018, sobre o proxecto básico elaborado polo arquitecto J. L. D. (DOMÍNGUEZ Y ASOCIADOS ARQUITECTURA SLP) de data de novembro de 2017.</p> <p>SEGUNDO.- Conceder, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra, para en solo regulado pola ordenanza do PEPRI, para rehabilitar unha vivenda de 31,97 m2., de planta baixa; 35,23 m2., de primeiro andar; e 21,54 m2., de aproveitamento baixo cuberta, sita en rúa do Hío, nº 24, de conformidade co proxecto redactado por J. L. D. (DOMÍNGUEZ Y ASOCIADOS ARQUITECTURA SLP) de data de novembro de 2017. Condicionado a que antes do inicio das obras deberá presentar proxecto de execución destas visado polo colexio correspondente e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza e cumprir co establecido nos artigos 38 e 47 do PEPRI e que por tratarse dunha edificación sita no ámbito do PEPRI, se fará un seguimento desta polos técnicos da oficina municipal. O presuposto de execución material ascende a vinte e cinco mil euros (25.000,00 €).</p>	

Expediente 5979/2017. Licenza urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE N° 5.979/17.- Outorgar a J. L. B. R., con enderezo na rúa Rosalia de Castro, nº 3-baixo-Nigrán, licenza de obras para no lugar da Serra de Poente-Darbo, regulado pola ordenanza 12, solo non urbanizable de tolerancia (SNUA), construír unha vivenda unifamiliar de 59,20 m2., de soto; 143,62 m2., de planta baixa; e 26,80 m2., de terrazas de conformidade</p>	

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



co proxecto técnico básico elaborado polo arquitecto A. L. L., de data setembro de 2017. Antes do comezo das obras deberá presentar proxecto de execución visado, oficios de dirección e coordinador de seguridade e saúde, deberá cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a cento oito mil trescentos sesenta e dous euros con trinta e seis céntimos (108.362,36 €).

Acéptaselle a fianza depositada para garantir as obras de urbanización por importe de catrocentos cincuenta e tres euros con setenta céntimos (453,70 €) na entidade bancaria Banco Pastor.

Expediente 670/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 670/2017. (EXPEDIENTE Nº 21.492.- LICENZA Nº 20.902)

PRIMEIRO.- Acéptase o cambio de titularidade da licenza nº 20.902, anteriormente a nome "LA BOUBETA SL", a favor "JUELMAR SL", solicitado en data 2 de xuño de 2016.

SEGUNDO.- Outorgar, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, a "JUELMAR SL", con enderezo a efectos de notificacións en Rúa Ramón Bares, nº 2-2º-Bueu, modificación da licenza de obra nº 20.902, para a construción dun cerramento e vivenda unifamiliar en San Cibrán, quedando as seguintes superficies de 100,00 m²., de semisoto; 100,00 m²., de planta baixa; e 86,50 m²., de aproveitamento baixo cuberta, regulado pola ordenanza 11, de conformidade co proxecto básico e de execución reformado de vivenda unifamiliar e cerramento de finca elaborado pola arquitecta E. D. L. de data xullo de 2016. O presuposto de execución material ascende a cento dezaseis mil trinta e cinco euros (116.035,00 €).

Acéptase a fianza depositada en "Abanca" por "Juelmar SL", para responder das obras de urbanización por importe de novecentos oitenta e oito euros con catorce céntimos (988,14 €).

Expediente 2616/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2616/2017.- Outorgar licenza de obra a J. M. G. Q., para a acondicionamento de parcelas sitas no lugar de Arneles-O Igrexario-O Hío, destinada a área de autocaravanas, de conformidade ca documentación achegada elaborada polo arquitecto J. R. L. de data setembro de 2016, e aclarada mediante documentación incorporada ao expediente en data 15.02.2018 e os informes obrantes no expediente do Servizo de Montes de data 09.12.2016, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza de data 31.05.2016, do Instituto de Estudos do Territorio de data 14.04.2016, e para construción de acceso ao campamento de turismo sito en Arneles, s/n, vista a autorización do Servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra de data 12 de xullo de 2017 e a documentación obrante no expediente. O presuposto de execución material ascende a trece mil seiscentos cincuenta e oito euros con cincuenta e un céntimos (13.658,51 €).



Expediente 799/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 799/2017.- Outorgar a "CULTIVOS MARINOS VILANOVA SL", con enderezo a efectos de notificacións en Vilanova, s/n-O Hío, licenza de obras para ampliación de cuberta de nave industrial e construción de muro perimetral de finca sita en Vilanova, s/n-O Hío, de conformidade co proxecto de legalización de ampliación de nave elaborado polo enxeñeiro D. R. B., en data 21 de abril de 2015 e cos informes favorables da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data 23 de outubro de 2017, de Costas de 7 de abril de 2016, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza de 15 de novembro de 2016 e innecesariedade do informe do POL de data 14 de outubro de 2015. O presuposto de execución das obras ascende a once mil setecentos vinte e oito euros (11.728,00 €).

Expediente 7830/2017. Licenza de primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE.- 7830/2017 .EXPEDIENTE Nº 25.170. LICENZA Nº 24.080).- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR "GEMMA SL".- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a "GEMMA SL", con enderezo a efectos de notificacións na Avenida de Vigo, nº 97-2ºC-Cangas, do edificio sito en rúa Pablo Iglesias, nº 10-Cangas, construída ao abeiro da licenza municipal nº 24.080, tendo en conta os deseños do estado final de obra visados o 04.12.2017, o informe-comprobación emitido ao respecto pola arquitecta municipal, con data 23 de febreiro de 2018 e o informe da xefa do servizo de data 26 de febreiro de 2018.

A licenza de primeira ocupación solicitada non autoriza o uso da actividade solicitada para o local sito na planta baixa e primeiro andar do edificio obxecto do expediente de apertura nº 1768-B/2014.

Expediente 833/2017. Licenza de primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 833/2017 (EXPEDIENTE Nº 26.136.- LICENZA Nº 25.018).- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a F. B. G. B., con enderezo a efectos de notificación en Barrio do Outeiro, nº28-Cangas, para unha edificación sita na Praza do Arco, nº 6-Cangas, construída ao abeiro da licenza municipal nº 25.018, tendo en conta os planos do estado final de obra visados o 18.01.2018, o informe-comprobación emitido ao respecto pola arquitecta municipal de 23 de febreiro de 2018 e o informe da xefa do servizo de data 27 de febreiro de 2018.



Expediente 1340/2017. Infracción urbanística nº 25/2015

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte proposta de resolución de data 28.02.2018 da instrutora do expediente, que é como segue:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

M. R. G., instrutora designada polo alcalde do Concello, mediante proposta de Alcaldía de data 10 de agosto de 2017, con relación ao expediente sancionador nº 1340/2017 -25/2015, que se está a tramitar neste Concello, emite a seguinte proposta de resolución visto os seguinte:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Por parte de M. S. C. e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuaronse no lugar de Nerga-O Hío, obras consistentes en realizar un cerramento de bloques e postes de formigón cunha altura de 1,90 metros, sendo a construción de carácter ilegalizable. Dito expediente rematou cunha resolución de Alcaldía de data 27.10.2015, outorgando un prazo de TRES MESES para axustar as obras executadas á licenza de obras nº 23.668.

SEGUNDO.- Iniciado expediente sancionador por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de agosto do 2017, dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegacións ou para aportar documentos e informacións, con data 21 de febreiro do 2018, rexistro de entrada xeral da Xunta de Galicia nº 23057, rexistro de entrada neste Concello nº 2110 de 23.02.2018, M. S. C. formula alegacións ao expediente sancionador manifestando que:

- Procedeu á restauración da legalidade urbanística vulnerada coa execución dun muro de bloque de fábrica, polo que solicita a redución do 90% do importe da sanción.

Visto o informe da inspección municipal de data 26 de febreiro do 2018 no que manifesta que:

'Presentado no lugar comprobo que foi demolido todo o cerramento, co que considero que foi reposta a legalidade urbanística', procede estimar a alegación presentada por M. S. C.

TERCEIRO.- Visto canto antecede e de conformidade cos artigos 89 e 90 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, emito a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como grave, segundo o determina o artigo 158.3 da mesma norma citada.

SEGUNDO.- Que M. S. C. na súa calidade de promotora, é responsable directa da referida



infracción.

TERCEIRO.- Que de acordo co establecido nos artigos 161 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficientemente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía de seiscentos euros con dez céntimos (600,10 €), ao resultar de aplicación a redución do importe da sanción do 90%, prevista na normativa de aplicación ao ter reposta á legalidade urbanística, visto o informe da inspección municipal de data 26 de febreiro do 2018 obrante no expediente.

CUARTO.- O órgano instrutor resolverá a finalización do procedemento, con arquivo das actuacións, sen que sexa necesaria a formulación da proposta de resolución, cando na instrución do procedemento se poña de manifesto que concorre algunha das seguintes circunstancias:

- a) A inexistencia dos feitos que poideran constituir infracción.*
- b) Cando os feitos non resulten acreditados.*
- c) Cando os feitos probados non constitúan, de modo manifesto, infracción administrativa.*
- d) Cando non exista ou non poida identificar á/ás persoa/persoas responsables ou ben que aparezan exentos de responsabilidade*
- e) Cando se teña concluído, en calquera momento a prescrición da infracción.*

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

QUINTO.- Impoñer a M. S. C., na súa calidade de promotora unha multa sancionadora de seiscentos euros con dez céntimos (600,10 €), por infracción ao ter cometido obras no lugar de Nerga-O Hío, consistentes en realizar un cerramento de bloques e postes de formigón cunha altura de 1,90 metros, sendo a construción de carácter ilegalizable e grave, segundo o informe do arquitecto municipal de data 9 de agosto do 2017, ao resultar de aplicación a redución do importe da sanción do 90% prevista na normativa de aplicación ao ter reposta a legalidade urbanística, visto o informe da inspección municipal de data 26 de febreiro de 2018 obrante no expediente.

SEXTO.- Advertir á interesada que a sanción imposta reducirase na súa contía nun 50%, se é aboada no prazo de período voluntario e, nese mesmo prazo, a infractora amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo".

Expediente 1061/2018. Solicitude de devolución de fianza ou cancelación de aval

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Reconecer a devolución da fianza de seiscentos oitenta e un euros con corenta e seis céntimos (681,46 €), ingresada por J. M. R., no expediente nº 24.897, licenza de obras nº



Concello de Cangas

24.091.

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado.

Expediente 896/2018. Solicitud de axuda económica de emerxencia social

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte proposta de resolución de data 23.02.2018, do director do Centro Municipal de Benestar Social, que é como segue:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

E. G. G. en calidade de director do Centro Municipal de Benestar Social do Concello de Cangas, con relación na solicitude de axuda económica de emerxencia social municipal presentada por K.A., e examinado o informe da traballadora social dos servizos sociais comunitarios básicos deste concello, proponse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica de setecentos oito euros con sesenta e sete céntimo (708,67 €)".*

Expediente 1074/2018. Prestación do servizo de axuda no fogar (SAF)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de Axuda no Fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a J.B.G., o Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de libre concorrencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal.
- * Atencións de carácter psicosocial.
- * Atencións de carácter doméstico.

Custo do servizo total: cincocentos setenta e seis euros [(576,00 €) doce euros con oitenta céntimos (12'80 €/hora)].

Achega económica da persoa usuaria: cincuenta e sete euros con sesenta céntimos (57,60 €/mes).

Número de horas: 45 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 6 de marzo de 2018.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Expediente 1075/2018. Prestación do servizo de axuda no fogar (SAF)	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>Vista a solicitude de Servizo de Axuda no Fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:</p> <p>* CONCEDERLLE a M.C.F.M., o Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de libre concorrencia e de acordo cos seguintes detalles:</p> <p>Prestacións:</p> <ul style="list-style-type: none">* Atencións de carácter persoal.* Atencións de carácter psicosocial.* Atencións de carácter doméstico. <p><u>Custo do servizo total:</u> trescentos oitenta e catro euros (384,00 €) doce euros con oitenta céntimos (12'80€/hora).</p> <p><u>Achega económica da persoa usuaria:</u> trinta e oito euros con corenta céntimos (38,40 €/mes).</p> <p><u>Número de horas:</u> 30 horas.</p> <p><u>Data de efectos de alta no SAF:</u> a partir do 6 de marzo de 2018.</p>	

Expediente 1466/2017. Proposta do concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade para o desaloxo inmediato da Casa dos Pobres pola realización de obras de remodelación	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte proposta de data 23.02.2018 do concelleiro de servizos sociais, que di o seguinte:</p> <p><i>"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN</i></p> <p><i>Don Tomás Hermelo Álvarez, en calidade de concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade do Concello de Cangas (Pontevedra)</i></p> <p><i>Con base no informe da traballadora social e dado que se van a realizar obras de mellora na 'Casa dos pobres', proponse:</i></p> <p><i>O desaloxo inmediato da vivenda".</i></p>	

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Expediente 6505/2017. Proposta do concelleiro de ensino e deportes para aprobación definitiva das axudas do servizo de comedor escolar curso 2017/2018

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/A sentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte proposta de data 23.02.2018 do concelleiro de ensino e Deporte, que di o seguinte:

"PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DAS AXUDAS DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR, CURSO 2017/2018.

Xoán Carlos Chillón Iglesias, concelleiro de Ensino e Deportes do Concello de Cangas,

PROPÓN

A Xunta de Goberno Local a aprobación definitiva das axudas do servizo de comedor escolar destinado o alumno de educación infantil CEIP Nazaret para o curso 2017-2018.

Nº REXISTR O	APELIDOS, NOME SOLICITANTE	APELIDOS, NOME USUARIO/A COMEDOR	CENTRO DOCENTE CEIP PRAZA// DIAS	BONIFICACION	RESOLUCION	MOTIVO
1842/2018	A., K.	L. A., W.	NAZARET FIXA	100%	CONCEDIDA	

Nota: a axuda prevista ten efectos retroactivos a 1 de febreiro".

Expediente 30/2018. Solicitud de axuda á Deputación Provincial de Pontevedra (Plan de obras e servizos-Plan Concellos-2018 Liña 3-Emprego) para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais

Favorable

Tipo de votación: Nominal
A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0

A favor

ANDRES
GARCIA
BASTON
JESÚS
ANTONIO
PEREZ
GALLEGO
LOURDES
RIAL PARDO
MERCEDES



	GIRALDEZ SANTOS TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ XOSE MANUEL PAZOS VARELA XOÁN CHILLÓN IGLESIAS
En contra	---
Abstencións	MARIANO ABALO COSTA
Ausentes	---

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 01.03.2018 da Alcaldía, referente a solicitude de axuda á Deputación Provincial de Pontevedra para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais, que é como segue:

"PROPOSTA

SOLICITUDE DE AXUDA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CON CARGO AO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2018) LIÑA 3-EMPREGO, PARA A CONSERVACIÓN E O FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS

Publicadas no BOP nº 2 de data do 03.01.2018 as bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018 da Deputación Provincial de Pontevedra

Vista a comunicación da Deputación da contía definitiva do dito plan e que ascende a un millón oitenta e nove mil vinte e tres euros con vinte e oito céntimos (1.089.023,28 €) e na que se fai constar que con cargo a esta cantidade poderán presentarse solicitudes de subvencións, nas distintas liñas recollidas no plan, con suxeición ás porcentaxes e límites máximos establecidos para cada unha delas, o Concello con base nas necesidades e prioridades municipais, procede ao reparto deste nas diferentes liñas e á elaboración dos diferentes proxectos ou memorias.

Vista a memoria para o a LIÑA 3-Emprego, para conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais, que ten en conta, priorizar as necesidades municipais e a non discriminación salarial, polo que a valoración económica do custo total do servizo, elabórase ao abeiro do Acordo regulador das condicións de traballo do persoal ao servizo do Concello de Cangas, publicado no BOP do 11.02.1992 e a Lei 3/2017, de 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o 2017.



Concello de Cangas

Visto que o Concello de Cangas non solicitou nin lle foi concedida ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada para este mesmo plan.

Visto que o Concello de Cangas, non está incurso en causas de prohibición para a percepción de axudas públicas.

Visto que o Concello está ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Polo que propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar a memoria descritiva do Plan de EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E O FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2018, para a contratación de 31 persoas, polo importe total de trescentos sesenta e sete mil oitocentos oitenta e catro euros con dezanove céntimos (367.884,19 €), facendo constar que o Concello con fondos propios asumirá a contía non subvencionada e que ascende a cento dezaioito mil cento sesenta e seis euros con sesenta e un céntimos (118.166,61 €).

<i>Importe total servizo</i>	<i>Importe aportación municipal</i>	<i>Importe subvención</i>
<i>367.884,19</i>	<i>118.166,61</i>	<i>249.717,58</i>

Segundo.- Solicitar axuda para a LIÑA 3- Emprego, para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais, polo importe de douscentos corenta e nove mil setecentos dezasete euros con cincuenta e oito céntimos (249.717,58 €), de conformidade co seguinte:

<i>Denominación do servizo</i>	<i>Nº traballador/traballadora servizo</i>	<i>Importe total servizo</i>	<i>Importe solicitado</i>
<i>Auxiliar administrativo</i>	<i>1</i>	<i>12752,96</i>	<i>8656,63</i>
<i>Conductor</i>	<i>1</i>	<i>13289,66</i>	<i>9020,94</i>
<i>Peón emerxencias</i>	<i>2</i>	<i>23250,72</i>	<i>15782,45</i>
<i>Conserxe instalacións deportivas</i>	<i>1</i>	<i>11893,47</i>	<i>8073,22</i>
<i>Peóns albanéis</i>	<i>4</i>	<i>47545,68</i>	<i>32273,72</i>
<i>Peóns xardineiros</i>	<i>3</i>	<i>35659,26</i>	<i>24205,29</i>

Concello de Cangas



Peóns agrícolas	10	118864,20	80684,31
Peóns varredores	9	104628,24	71021,02
Total	31	367.884,19	249.717, 58

Terceiro.- Declarar que o Concello de Cangas, para este plan de conservación de bens e servizos non solicitou, nin recibiu, ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada.

Cuarto.- Dar conta deste acordo ao Pleno do Concello e traslado á Intervención Municipal".

Expediente 988/2018. Solicitud de axuda á Deputación Provincial de Pontevedra para rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de data 01.03.2018 da concelleira de obras e servizos, referente á solicitude de axuda á Deputación Provincial de Pontevedra para rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural, que é como segue:

“Solicitud de axuda á Deputación Provincial de Pontevedra para a rehabilitación e a sinalización do Patrimonio-Cultural.

Publicadas as bases de subvención para a rehabilitación e a sinalización do patrimonio histórico-cultural, dirixidas aos concellos da Provincia de Pontevedra para o ano 2018 que non superen os 50.000 habitantes.

Visto que o Concello de Cangas reúne todos os requisitos que nas bases se especifican.

Visto que a base quinta estipula como actuacións subvencionables, obras de restauración que teñan por obxecto a restitución ou o avance da imaxe e unidade do ben, a través de operación de reintegración de elementos deteriorados, perdidos ou eliminados no seu momento cun criterio desafortunado ou erróneo, co fin de recuperar o carácter orixinal do inmovible e a súa función, e que poidan supoñer a execución de novas estruturas, peches, cubertas ou outros elementos de entidade construtiva, redáctase polos servizos técnicos municipais proxecto de acondicionamento das fontes-lavadoiros do Bondiñeiro e Sareira, ámbolos dous de titularidade municipal, polo importe total de dezaseis mil setecentos setenta e tres euros con dezaioito céntimos (16.773,18 €), incluído o IVE.

Polo que propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar o proxecto denominado 'ACONDICIONAMENTO DAS FONTES-LAVADOIROS DO BONDIÑEIRO E SAREIRA-CANGAS', polo importe total de dezaseis mil



Concello de Cangas

setecentos setenta e tres euros con dezaioito céntimos (16.773,18 €), co IVE incluído e redactado polo arquitecto municipal, A. L. P.

Segundo.- *Solicitar á Deputación Provincial de Pontevedra, ao abeiro das bases nomeadas, unha axuda polo importe de dezaseis mil setecentos setenta e tres euros con dezaioito céntimos (16.773,18 €), incluído o IVE, para a execución do proxecto 'ACONDICIONAMENTO DAS FONTES-LAVADOIROS DO BONDIÑEIRO E SAREIRA'.*

Terceiro.- *Certificar a titularidade das fontes-lavadoiros do Bondiñeiro e Sareira.*

Cuarto.- *Declarar que para a execución do proxecto que se solicita, non se solicitou nin lle foi concedida ningunha axuda de entidade pública ou privada.*

Quinto.- *Declarar de estar ao corrente das obrigas tributación coa Axencia Estatal Tributaria, a Seguridade Social, Facenda da Comunidade Autónoma e a Deputación".*

Expediente 1094/2018. Proposta de inicio de procedemento de contratación do servizo de execución do proxecto “Redescubriendo as paisaxes de Berobreo”

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentiment
o

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte proposta de data 28.02.2018 da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local para o inicio do procedemento de contratación do servizo de execución do proxecto “Redescubriendo as paisaxes de Berobreo”, que é como segue:

"Visto o proxecto 'Redescubriendo as paisaxes de Berobreo', así como, a memoria valorada redactada pola arquitecta municipal M. I. M. F.

Vista a resolución do director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural de data 25.09.2017, pola que se concede ao Concello de Cangas unha axuda por importe de vinte e nove mil cincocentos noventa e un euros con trinta e oito céntimos (29.591,38 €), para a execución do proxecto anteriormente citado.

Tendo en conta que o Concello non conta cos medios materiais nin humanos necesarios e suficientes para a execución do proxecto.

Por todo o que antecede, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- *Iniciar o procedemento de contratación do servizo de execución do proxecto 'Redescubriendo as paisaxes de Berobreo'.*

Segundo.- *Que se redacten os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que han de rexer o contrato e o proceso de adxudicación.*

Terceiro.- *Que por Secretaría e Intervención se emitan os informes preceptivos".*

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Proposta da concelleira de medio ambiente e turismo para aprobación de contrato de traballos asociados á edición da guía de Rutas Turísticas de Cangas

Non hai acordo

Motivo: Falta de tempo

Expediente 1049/2018. Dación de conta de Resolución da Alcaldía de data 28.02.2018 de solicitude de axuda para proxecto de Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentiment
o

A Xunta de Goberno Local queda informada da seguinte resolución da Alcaldía do día 28.02.2018, referente a solicitude de axuda para o proxecto de "Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP), que é como segue:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o disposto na Orde da Consellería de Sanidade de 24 de maio de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020 e se convocan as correspondentes ao ano 2016.

Presentado o proxecto elaborado ao abeiro da sinalada orde, denominado “Son do Mar”, que ten por obxecto fomentar o crecemento económico, a inclusión social, a creación e a mobilidade laboral nas comunidades costeiras e de interior dependentes da pesca e a acuicultura, así como, a diversificación das actividades realizadas no marco da pesca e respecto doutros sectores da economía marítima.

De conformidade co artigo 21.1 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime local,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de inversión denominado 'Son do Mar' cun orzamento para o Concello de Cangas de cincuenta e sete mil trescentos noventa e nove euros con trinta e oito céntimos (57.399,38 €) {(corenta e sete mil catrocentos trinta e sete euros con cincuenta céntimos (47.437,50 €) máis nove mil novecentos sesenta e un euros con oitenta e oito céntimos (9.961,88 €) do IVE)}.

SEGUNDO.- Solicitar á Consellería do Mar, ao abeiro da Orde de 24 de maio de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP) (DOGA nº 109 de 09.06.2016),



unha subvención por importe de cincuenta e sete mil trescentos noventa e nove euros con trinta e oito céntimos (57.399,38 €) {(corenta e sete mil catrocentos trinta e sete euros con cincuenta céntimos (47.437,50 €) máis nove mil novecentos sesenta e un euros con oitenta e oito céntimos (9.961,88 €) do IVE)}, para a realización do proxecto de investimento denominado 'Son do Mar'.

TERCEIRO.- Facultar ao Sr. alcalde-presidente, D. Xosé Manuel Pazos Varela, con DNI nº 76328194A, que é alcalde por acordo plenario de data do 13.06.2015, para que asine a solicitude de subvención e demais documentación que sexa precisa na tramitación deste expediente.

CUARTO.- Declarar que para esta mesma actuación non se solicitou ningunha outra axuda ou subvención.

QUINTO.- Comprometerse ao financiamento que non resulte subvencionado ao abeiro deste convocatoria, ata o importe total da execución prevista.

SEXTO.- Dar conta de esta resolución na vindeira Xunta de Goberno Local que se realice".

Expediente 1179/2018. Proposta da concelleira de obras e servizos de aprobación do proxecto memoria valorada da "Reparación de saneamento e pluviais en rúa Oriente e rúa Méndez Núñez"

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentiment
o

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 05.03.2018 da concelleira de obras e servizos, referente a aprobación do proxecto memoria valorada "Reparación de saneamento e pluviais en rúa Oriente e rúa Méndez Núñez", que di o seguinte:

1º.- Vista a necesidade de reparación e substitución da actual rede de saneamento obsoleta, con perdas e en mal estado incorporando á rede separativa de fecais e pluviais para liberar o sobreaporte á EDAR e resolver os problemas de encharcado das augas pluviais instalando desaugues nas zonas baixas e darlle saída nunha liña independente de rede de pluviais e a súa conexión coa rede xeral que discorre pola rúa Castelao, previa á execución dos traballos de humanización da rúa Méndez Núñez.

2º.- Visto que o proxecto de humanización das rúas Baiona e Méndez Núñez, aprobado e adxudicado á empresa 'Construcciones Vale', vai comezar neste mes de marzo.

3º.- Vista a necesidade de coordinar os traballos de reparación coa humanización deste tramo no cruce de rúa Oriente e rúa Méndez Núñez e a urxencia para a realización destes traballos de reparación previos á humanización.

4º.- Polo exposto elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o proxecto memoria valorada "REPARACIÓN DE SANEAMENTO E PLUVIAIS EN RÚA ORIENTE E RÚA MÉNDEZ NÚÑEZ".



Concello de Cangas

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850